

ACTA Nº 02/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE XANEIRO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 11 de xaneiro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 53 e 54/09, do 14 e 21 de decembro de 2009 respectivamente, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circunscrición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 61/08 – D. VÍCTOR MANUEL RÍOS PÉREZ E D.^a SHEILA MARTÍNEZ PASTORIZA presentan proxecto modificado de vivenda unifamiliar,

situada en Piñeiro, 133, para incorporar ao expediente de obra nº 61/08 do que se lle concedeu licenza, debido a que pretenden un incremento de superficie na planta soto da vivenda, redactados polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan Antonio Fernández Martínez, visado na data 28.12.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de xaneiro de 2010 que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA INCREMENTO SUPERFICIAL DE SOTO

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentada.

Quedan subrogadas as condicións impostas na licenza outorgadas en Xuntas de Goberno Local de 16 de xuño de 2008 e 20 de abril de 2009.
Arquívese co conxunto do expediente 61/08.

Liquidación provisoria de tributos

ICIO Complementario s/ 2º modificado..... 146,89 €

2.B) EXPTE. 240/07 – CONVEN MORRAZO, S.L. presenta modificado de proxecto básico e de execución de edificio de soto, baixo, catro plantas e baixo cuberta para 5 vivendas, redactado *Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P.*, visado o día 14.12.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE EDIFICACIÓN PARA SOTO, BAIXO, CATRO PLANTAS E APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA PARA CINCO VIVENDAS.

INFORME: **Procede licenza de acordo co proxecto presentado.**

O presente proxecto modificado de proxecto básico e de execución. Queda iniciada a obra por licenza da Xunta de Goberno Local de 12 de novembro de 2007 coa execución de demolición dunha edificación existente.

TERRAE MOÑA, S.L. Presenta proxecto visado polo COAG ó 24/10/2007; con data de 23/04/2009 pesenta modificado de proxecto básico e ó 30/04/2009 se achega planos modificados para subsanación de deficiencias de proxecto básico.

En Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2009 acórdase conceder licenza.

En Xunta de Goberno Local de 12 de outubro de 2009 acórdase acceder o cambio de titularidade da licenza de obra para o expediente 240/2007 a favor de CONVEN MORRAZO, S.L.

Quean subrogadas todas as condicións impostas na licenza primitiva debéndose archivar conxuntamente.

No expediente consta o proxecto de infraestrutura común de telecomunicación.

Liquidación provisoria de tributos

ICIO Complementario s/ modificado..... 394,16 €

3.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE OBRA

EXPTE. 124/08 – D.^a MARÍA DEL CARMEN FERRADÁS BERNÁRDEZ presenta proxecto de reparación e conservación de vivenda unifamiliar, situada en Palmás 61, Domaio, redactado polo D. Humberto Guimeráns Gallego, visado o 25 de abril de 2008; superficie construída 315,63 m2. Orzamento das obras 31.775 euros.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 4 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN E CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.

INFORME: **Non procede licenza.**

Require informes sectoriais.

Polo Servizo de Inspección do Litoral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tendo en consideración a resolución denegatoria nº 006533 de 21/12/2009 do Director da Axencia de Protección da Legalidade urbanística, **este Concello debe proceder a denegar a licenza dado o carácter vencellante da referida resolución.**

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/ construcións.....	889,70 €
Taxas licenzas urbanística.....	79,44 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a concesión da licenza solicitada polos motivos que recolle o informe do aparelador municipal.

4.- LICENZAS DE APERTURA

4.A) CAMBIO DE TITULAR

EXPEDIENTE 09/10 – D.^a JOSEFA SOTELO PENA

Dona JOSEFA SOTELO PENA, por instancia presentada o día 30 de decembro de 2009, expón que é a nova titular do establecemento dedicado á actividade de COMERCIO MENOR situado en Concepción Arenal, 48 e solicita o cambio de titular da licenza municipal.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 4 de xaneiro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 04.01.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. JOSEFA SOTELO PENA, na data do 30.12.2009, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de BOUTIQUE, sito na rúa Concepción Arenal, 48, pertencente a D. Manuel Juncal Juncal, ao seu falecemento pasou a rexentalala a súa filla D.^a Seila Juncal Giráldez, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de BOUTIQUE, sito na rúa Concepción Arenal 48, pertencente a D. Manuel Juncal Juncal. **Xunta de Goberno Local de data do 17 de maio de 1972.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de BOUTIQUE, sita na rúa Concepción Arenal nº 48, pertencente a **D. MANUEL JUNCAL JUNCAL**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data do 17.05.1972**, a favor de **D.ª JOSEFA SOTELO PENA**.

4.B) D.ª MARINA ESCARLATA ÁLVAREZ COSTA por escrito do 15 de setembro de 2009 solicita establecer un restaurante na Baixada do Cocho, núm. 214, do barrio da Guía. Presenta o xustificante de ter pagados 500 € pola liquidación de taxas pola licenza municipal de apertura.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 4 de xaneiro de 2010, que textualmente di:

EXPEDIENTE DE APERTURA:31/09
PETICIONARIO: MARÍA ESCARLATA ALVAREZ COSTA
ASUNTO: RESTAURANTE
SITUACIÓN: A GUIA.MEIRA

INFORME:

Sometido o expediente a información pública atendendo ao disposto no Artigo 36, a)-5, do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas, de 24 de agosto de 1982, unha vez determinada a compatibilidade de usos coas NN. SS. de Planeamento Municipal.

O aforo do local definido no proxecto ascende a unha ocupación de 90 persoas.

A resultados da aplicación do Decreto 292/2004, do 18 de novembro; polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia, queda identificada a actividade de café-bar polo presente decreto polo epígrafe 2.7.1.

Debe remitirse o presente expediente a Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por se estima necesario, e a teor do disposto no artigo 38 do Regulamento xeral, comunicar os condicionados procedentes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e visto o informe do aparelador municipal, **acorda remitir o expediente á delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.**

4.C) CASAS BELAS LA GRANDE, S.L., representado por D. Manuel Pousada Carballo, por escrito do 31 de xullo de 2009 solicita establecer un supermercado na Xunqueira, Reibón-Meira. Presenta o xustificante de ter pagados 3.600 € pola liquidación de taxas pola licenza municipal de apertura.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 5 de xaneiro de 2010, que textualmente di:

EXPEDIENTE DE APERTURA PARA O FUNCIONAMENTO DA ACTIVIDADE: 30/09
PETICIONARIO: CASAS BELAS LA GRANDE, S.L.
ASUNTO: SUPERMERCADO.
SITUACIÓN: A XUNQUEIRA. REIBÓN. MEIRA.

INFORME:

Actividade de supermercado con potencias mecánica instalada superior a 15 kW e de superficie superior a 400 metros cadrados, en función do dimensionamento de senllos parámetros debe someterse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.

A teor do especificado no artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de impacto ambiental os servizos técnicos do Concello emititen informe sobre a compatibilidade da actividade cos instrumentos de planeamento urbanístico e das ordenanzas municipais.

As ordenanzas municipais definidoras dos usos determinan a compatibilidade urbanística de asentamento do presente uso comercial para a zona onde se pretende ubicar.

Atendendo ao disposto no Artigo 9.1. do Decreto 133/2008 de 12 de xuño, de Avaliación de Incidencia Ambiental, infórmase da inexistencia de actividades próximas do mesmo sector. O cumprimento da Ordenanza Municipal de rúidos comprobaráse levándose a cabo as medicións correspondentes mediante empresa homologada. O Concello ten concesionado con carácter universal para todo o termo municipal a recollida de residuos sólidos urbanos, abastecemento de augas e vertido de augas residuais a sumidoiros con depuración. Con arreglo ao informado, requírese resolución da Xunta de Goberno Local de remisión do expediente ó órgano ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e visto o informe do aparelador municipal, **acorda remitir o expediente á delegación territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruras.**

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D. CARLOS VILLAR MARIÑO E D.^a MARGARITA ISABEL FERRADÁS VERDEAL

Vista a solicitude de D. CARLOS VILLAR MARIÑO E D.^a MARGARITA ISABEL FERRADAS VERDEAL do 11 de decembro de 2009 coa que achegan proxecto de execución de vivenda unifamiliar, visado o 22 de outubro de 2009, correspondente ao expediente nº 194/2009,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 28 de decembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 194/09 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle outorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e visto o informe do aparelador municipal, acorda **ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 194/2009.**

6.- MOBILIDADE

6.A) Visto o informe do 9 de novembro de 2009 do xefe da Policía local, conformado pola concelleira de Mobilidade, que recolle:

Que no acceso ao aparcamento posterior do cemiterio municipal, dende a estrada provincial EP-1104 (p.k. 0.380), véñense producindo con certa frecuencia problemas de tráfico, debido a estreitez do camiño e a que os condutores estacionan nas súas marxes, impedindo o paso simultáneo de dous vehículos en sentido oposto. Estas situacións só se producían en datas concretas, como era o día de todos os santos ou nas festas de San Martiño, pero na actualidade, tamén sucede cando hai enterros.

Para evitar estes atrancos, sería necesario instalar de forma permanente sinais verticais de “prohibido estacionar” (R-308) en ambas as dúas marxes, no tramo comprendido dende a confluencia coa estrada EP-1104 (fronte a da Chicaja) ata o cruce de Casanova con Riomuiño. Ademais, cómpre pintar de amarelo os bordes da beirarrúa na confluencia coa estrada EP-1104, nun espazo dun metro de longo por cada lado do cruce.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación de ditos sinais verticais e o pintado recollidos no informe-proposta do xefe da Policía Local.

6.B) Visto o informe do 9 de novembro de 2009 do xefe da Policía local, conformado pola concelleira de Mobilidade, que recolle:

Que na rúa Vila do Pedroso a zona reservada par o estacionamento dos vehículos da Asociación AFAMO está mal sinalizada, polo que sería conveniente reformar a sinalización borrando a lenda que pon no sinal e colocándolle unha placa adosada coa lenda “de 9h a 20h excepto domingos e festivo, agás vehículos autorizados”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a reforma da sinalización indicada no informe-proposta do xefe da Policía local.

6.C) Visto o informe do 19 de novembro de 2009 da Policía local, conformado pola concelleira de Mobilidade, que recolle:

Que se recibiu unha queixa de estaleiro do Cocho, comunicando que teñen problemas para baixar con camións para as industrias instaladas no lugar, debido ao estacionamento de vehículos ao pasar a capela da Peregrina, e que estes problemas afectan tamén os autobuses escolares.

Que se comprobou no lugar que a zona é estreita e si estacionan vehículos en calquera das marxes os camións e autobuses teñen dificultades de paso.

Que sería conveniente prohibir o estacionamento no lugar, ben con sinais verticais, ben co pintado da rúa marcando os carriles ou cunha liña amarela nos bordes da calzada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o pintado cunha liña amarela nos bordes da calzada recollido no informe-proposta da Policía Local para prohibir o estacionamento.

6.D) Visto o informe do 28 de decembro de 2009 do xefe da Policía local, conformado pola concelleira de Mobilidade, que recolle:

Que se están producindo problemas de tráfico no acceso á Bouza motivados polo estacionamento dos vehículos e a solución pasa por pintar estes en liña en todo o camiño, e sobre todo na parte traseiro do edificio Adela.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta do xefe da Policía local nos seus xustos termos.

7.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a seguinte conexión:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSE POUSA SINDIN	Saneamento, uso doméstico	Ribeira, 193 - Meira	Conexión saneam..... 180 €	Aqualia Arqut. Téc. Mun.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:50 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.